



## ACTA Nº 2020/6

### SESIÓN Extraordinaria DO PLENO DA CORPORACIÓN

-Telemática/Presencial, xoves 30 de abril de 2020 -

No día de hoxe, ás 17:00 horas, baixo a presidencia da alcaldesa, reúnen-se os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia da secretaria, que subscribe e a Sra Interventora, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Extraordinaria do Pleno da Corporación.

PRESENCIALMENTE	TELEMATICAMENTE
ALCALDESA: MARGARITA LAMELA LOUZÁN	RUBEN VILLAR AGULLEIRO
SECRETARIA: ROCÍO HERMIDA CANCELA	EMILIA MARÍA TRILLO LOJO
	JUAN MANUEL BUITURON CARBALLO
	ANTONIO DOMINGUEZ GARCÍA
	ÁGUEDA MARÍA DÍAZ MEJUTO
	MARÍA VICTORIA AREAS POSE
	RAMÓN VIGO SAMBADE
	PILAR IGLESIAS LEMA
	MARÍA DEL CARMEN DÍAZ FREIRE
	SERXIO DOMINGUEZ LOURO
	CESAR FERNANDO PÉREZ MARTÍNEZ
	JUAN RAMÓN HERMIDA FANDIÑO
	INTERVENTORA: ROSA M <sup>a</sup> FERNÁNDEZ CANOSA

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na **ORDE DO DÍA**:

#### A) PARTE RESOLUTIVA

1. **Aprobación ope legis das actas das sesións anteriores (no seu caso, de decisións sobre observacións formuladas respecto de erros materiais ou de feito (art. 91.1 do R.D. 2568/1986), que se detallan:**

##### I. **Acta da sesión celebrada o 19 de febreiro de 2020.**

Sométese á votación a acta e resulta aprobada por unanimidade.

##### II. **Acta da sesión celebrada o 28 de febreiro de 2020.**

Sométese á votación a acta e resulta aprobada por unanimidade.

##### III. **Acta da sesión celebrada o 9 de marzo de 2020.**

Sométese á votación a acta e resulta aprobada por unanimidade.

#### DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ECONOMÍA E FACENDA

2. **Proposta da alcaldía relativa á Modificación do Anexo de Subvencións Nominativas do Orzamento do ano 2020.**

Considerando o seguinte Ditame:

*"Na sesión realizada pola Comisión Informativa de Comisión Informativa de Economía e Facenda o*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



día martes 21 de abril de 2020 emitíuse o seguinte **DITAME**:

**"2. Proposta da alcaldía relativa á Modificación do Anexo de Subvencións Nominativas do Orzamento do ano 2020.**

Considerando a seguinte:

**"PROPOSTA DE ALCALDÍA**

**ASUNTO:** Modificación do Anexo de Subvencións Nominativas do Orzamento do ano 2020.

**EXPEDIENTE Nº:** 2020/T002/000005

Margarita Lamela Louzán, alcaldesa do Concello de Cee, vista a tramitación que consta no expediente, así como o informe favorable emitido pola Intervención Municipal, **PROPOÑO** ao Pleno da Corporación, a adopción do seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO.** Aprobar inicialmente a modificación do Anexo de Subvencións Nominativas do Orzamento do ano 2020, eliminando a subvención prevista para a celebración das festas da Xunqueira 2020 (330/489.03 por importe de 55.000€) coa intención de transferir os créditos dispoñibles a aplicacións orzamentarias de gasto corrente para a disposición dos mesmos na celebración das festas da Xunqueira 2020.

**SEGUNDO.** Expoñer ao público a Modificación, por prazo de quince días, mediante anuncios no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello, para efectos de presentación de reclamacións polos interesados.

**TERCEIRO.** Considerar elevados a definitivos este acordo, no caso de que non se presente reclamación algunha.

**CUARTO.** Contra a aprobación definitiva da Modificación do Anexo de Subvencións, poderá interpoñerse directamente Recurso Contencioso na forma e prazos establecidos na Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Asinado dixitalmente

Alcaldesa do Concello de Cee.

Margarita Lamela Louzán.

**Sométese á votación nominal a proposta e resulta ditaminada favorablemente no seguinte sentido: 1 abstención de D. Serxio Dominguez Louro e 7 votos a favor dos restantes concelleiros/as asistentes á sesión.**

Cee, mércores 22 de abril de 2020

A secretaria, ROCÍO HERMIDA CANCELA."

Non se producen intervencións.

-----VOTACIÓN-----

**Sométese a votación nominal o Ditame e resulta aprobado por unanimidade dos presentes.**

**3. Convalidación (conforme establece o artigo 20 do RD 8/2020) da Resolución da Alcaldía Nº 230/2020 de 13 de abril, relativa ao Suplemento de Crédito 1/2020 (Gasto Social Covid 19).**

Considerando o seguinte:

**"Na sesión realizada pola Comisión Informativa de Comisión Informativa de Economía e Facenda o día martes 21 de abril de 2020 emitíuse o seguinte **DITAME**:**

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



### **“3. Convalidación (conforme establece o artigo 20 do RD 8/2020) da Resolución da Alcaldía Nº 230/2020 de 13 de abril, relativa ao Suplemento de Crédito 1/2020 (Gasto Social Covid 19).”**

Considerando o Decreto que literalmente se transcribe:

#### **“RESOLUCIÓN**

**ASUNTO:** SUPLEMENTO 1/2020. GASTO SOCIAL COVID19

**EXPEDIENTE DECRETO:** 2020/G003/000251

#### **ANTECEDENTES:**

Considerando o artigo 20 do R.D.L 11/2020, de 31 de marzo polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID-19, que literalmente di:

“1. A los efectos de la aplicación del último párrafo del artículo 3 del Real Decreto-ley 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urgentes extraordinarias para hacer frente al impacto económico y social del COVID-19, el importe que podrá destinar cada entidad local al gasto al que se refiere dicho precepto será, como máximo, equivalente al 20% del saldo positivo definido en la letra c) del apartado 2 de la disposición adicional sexta de la Ley Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidad Presupuestaria y Sostenibilidad Financiera.

2. Para la aplicación del superávit a la política de gasto 23 en los términos regulados en el artículo 1 del Real Decreto-ley 8/2020, de 17 de marzo, la modificación presupuestaria de crédito extraordinario para habilitar crédito o de suplemento de créditos que deba aprobarse, se tramitará por decreto o resolución del Presidente de la corporación local sin que le sean de aplicación las normas sobre reclamación y publicidad de los presupuestos a que se refiere el artículo 169 del texto refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, aprobado por el Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Tales decretos o resoluciones serán objeto de convalidación en el primer Pleno posterior que se celebre, exigiéndose para ello el voto favorable de una mayoría simple y la posterior publicación en el Boletín Oficial correspondiente.

La falta de convalidación plenaria no tendrá efectos anulatorios ni suspensivos del decreto aprobado, sin perjuicio de la posibilidad de acudir a la vía de la reclamación económico-administrativa, para lo que el cómputo de plazos se producirá a partir de la fecha de publicación del acuerdo plenario.”

Visto o informe de intervención de data 13 de abril do presente ano.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar o expediente de modificación orzamentaria na modalidade de suplemento de crédito 1/2020 co seguinte desglose

<b>APLICACIÓN</b>	<b>CONCEPTO</b>	<b>IMPORTE</b>
231/213.00	EPIS E OUTROS MEDIOS DE PROTECCIÓN	30.000
231/227.06	AXUDA NO FOGAR	50.000
231/480.00	EMERXENCIA SOCIAL	21.971,11
<b>TOTAL</b>		<b>101.971,11</b> <b>€</b>

**SEGUNDO.-** Utilizar de acordo co artigo 20 do RD 8/2020 de medidas urxentes e extraordinarias para facer fronte o impacto económico do COVID 19 o 20 por cento do superávit orzamentario para facer fronte o referido gasto.

**TERCEIRO.-** O presente Decreto será obxecto de convalidación no primeiro Pleno posterior



que se celebre, esixíndose para iso o voto favorable dunha maioría simple e a posterior publicación no Boletín Oficial correspondente.

**CUARTO.**-A falta de convalidación plenaria non terá efectos anulatorios nin suspensivos do decreto aprobado, sen prexuízo da posibilidade de acudir á vía da reclamación económico-administrativa, para o que o cómputo de prazos producirase a partir da data de publicación do acordo plenario.

Notificarlle a presente resolución aos interesados, con indicación expresa dos recursos a interpor, e darlle conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión ordinaria que realice.

En CEE, luns 13 de abril de 2020

A alcaldesa, Margarita Lamela Louzán

A secretaria, Rocío Hermida Cancela

[Documento asinado electrónicamente]

**Sométese á votación nominal a convalidación do decreto e resulta ditaminada favorablemente a convalidación no seguinte sentido: D<sup>a</sup> Margarita Lamela Louzán, D. Rubén Villar Agulleiro, D. Ramón Vigo Sambade, D<sup>a</sup> Pilar Iglesias Lema e D. Juan Ramón Hermida Fandiño votan a favor, os restantes concelleiros/as asistentes á sesión (3) abstense.**

Cee, mércores 22 de abril de 2020

A secretaria, ROCÍO HERMIDA CANCELA.

## -----INTERVENCIÓNS-----

Intervén o Sr Dominguez García: Quixera saber que tipo de mascarilla se vai comprar.

Sra alcaldesa: Son as cirúrxicas e FP2 para os traballadores.

Sr Dominguez García: Para repartir entre os veciños?

Sra alcaldesa: Hai para repartir e para que queden no concello tamén.

Sr Dominguez García: O digo porque onte unha veciña miña levaba 4 días ca mesma mascarilla, e dixenlle que era dun solo uso e díxome que por criticar a alcaldesa non sabíamos que facer, ninguén se cree que semellante despregue para repartir papeletas, perdón confundo, para repartir mascarillas porque é unha cousa parecida, non se creen que sexa para un so uso, cando a leva o concello se gasta un sobre e un sobre e na tarxeta sua tiña que advertir que so vale para unha soa vez porque se presta a engano, digao por un bando por exemplo, ou como sexa, que esa mascarilla con ese despregue sirve para unha soa vez, por eso recomendaría que si non está feita a compra se faga dunha mascarilla que sirva para mais dunha vez, non sei exactamente a que é pero que valga para mais veces.

Sra alcaldesa: Con relación as mascarillas non sei que a despregue se refire Vde, as mascarillas para as persoas maiores inda non chegaron as que se repartiron foron as doadas pola deputación da Coruña e Xunta de Galicia, son as que temos por agora, respecto os maiores, repartíronse en Gures, Ameixenda e creo que en Pereira, San Xosé de Pereiriña e Porcar.

Sr Dominguez García: O resto?

Sra alcaldesa: O resto están a chegar ían chegar hoxe pero non chegaron e temos no concello, a xente que vai chamando se lle vai entregando e xa se explica que é para un so uso, no concello tamén temos mascarillas que son as lavables pero a maioría da xente pide as cirúrxicas que son as homologadas.

Sr Dominguez García: Eu so lle digo que si se da esa mascarilla que se advirta para que vale e si se compran mais que sexan mellores que valan mais que para unha soa vez porque vai prestar a confusión e a xente pensa que vai protexida e non vai protexida.

Sra alcaldesa: Creo que todos saben que as mascarillas cirúrxicas son de un so uso.

Sr Dominguez García: Teño que avisarlle a veciña.

Sra alcaldesa: A veciña xa sabe que se lle explicou.



## VOTACIÓN

**Sométese á votación o Ditame e resulta aprobado por unanimidade dos presentes.**

### DA COMISIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL E OBRAS PÚBLICAS

#### 4. Proposta da alcaldía relativa ao POS+2020.

Considerando o seguinte Ditame:

"Na sesión realizada pola Comisión Informativa de Comisión Informativa de Desenvolvemento Rural e Obras Públicas o día martes 21 de abril de 2020 emitiuse o seguinte **DITAME**:

#### **"2. Proposta da alcaldía relativa ao POS+2020.**

Considerando a seguinte:

#### **"PROPOSTA DA ALCALDIA**

#### **ASUNTO: "POS+ 2020"**

Margarita Lamela Louzán, alcaldesa do Concello de Cee, visto expediente tramitado ao efecto, **PROPOÑO AO PLENO DA CORPORACIÓN**, a adopción do seguinte **ACORDO**:

1.- "Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2020"** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e préstamo provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a "achega provincial 2020", "achega provincial 2019" e "préstamo provincial 2020":

#### **A) Financiamento do pago a provedores:**

	Capítulo II	Capítulo VI	Total
<b>Achega provincial 2019 aplicada ao financiamento de pago a provedores</b>			
<b>Achega provincial 2020 aplicada ao financiamento de pago a provedores</b>			
<b>Subtotal pago a provedores</b>			<b>0</b>

#### **B ) Financiamento de gastos correntes:**

	Deputación
<b>Achega provincial 2020 aplicada ao financiamento de gastos correntes</b>	<b>163,108,89</b>
<b>Achega provincial 2019 (Excepción da Base 2.2 final)</b>	
<b>Subtotal gasto corrente</b>	<b>163,108,89</b>

#### **C ) Financiamento de investimentos:**

<b>ACHEGA PROVINCIAL 2020</b>	<b>Financiamento do investimento</b>		
	<b>Deputación</b>	<b>Concello</b>	<b>Orzamento total</b>
<b>ACTUACIÓNS NO NÚCLEO DE LIRES</b>	<b>26.342,25</b>	<b>4.685,63</b>	<b>31.027,88</b>
<b>Subtotal investimentos achega provincial 2020</b>	<b>26,342,25</b>	<b>4,685,63</b>	<b>31,027,88</b>



ACHEGA PROVINCIAL 2019 (Investimentos financeiramente sostibles)	Financiamento do investimento		
	Deputación	Concello	Orzamento total
Denominación da obra ou subministración			
PROXECTO DE REPOSICIÓN DA LÍNEA ELECTRICA EN BAIXA TENSIÓN DE ALIMENTACIÓN DA INSTALACIÓN DE ALUMBRADO EXTERIOR DO PARQUE EMPRESARIAL DE CEE	45.840,91	0,00	45.840,91
Subtotal investimentos achega provincial 2019	45,840,91	0,00	45,840,91

PRÉSTAMO PROVINCIAL 2020	Financiamento do investimento		
	Préstamo Deputación	Achega Concello	Orzamento total
Denominación da obra ou subministración			
Subtotal investimentos préstamo provincial 2020	0	0	0

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións incluídos no POS+ 2020 e que se relacionan nestas táboas, despois de ser supervisado favorablemente polo Servizo Técnico da Deputación e de cambiar o seu financiamento inicial para o investimento do "PROXECTO DE REPOSICIÓN DA LÍNEA ELECTRICA EN BAIXA TENSIÓN DE ALIMENTACIÓN DA INSTALACIÓN DE ALUMBRADO EXTERIOR DO PARQUE EMPRESARIAL DE CEE".

D) Redución de débeda con entidades financeiras:

Entidade financeira	Número/código do préstamo	PRÉSTAMO PROVINCIAL 2020 aplicado á redución da débeda
Subtotal redución de débeda con entidades financeiras		0

E) Resumo:

SUBTOTALS		Deputación	Concello	Total
A- PAGO A PROVEDORES	Achega 2019	0		0
	Achega 2020	0		0
B- GASTOS CORRENTES	Achega 2020	163.108,89		163.108,89
	Achega 2019 (Excep. Base 2.2)	0		0
C- INVERSIONS	Achega 2020	26,342,25	4,685,63	31,027,88
	Achega 2019	45,840,91	0	45.840,91
	Préstamo 2020	0	0	0
D- REDUCIÓN DÉBEDA	Préstamo 2020	0		0
	Achega 2020	189,451,14	4.685,63	194,136,77



TOTAL	Achega 2019	45.840,91	0	45.840,91
	Préstamo 2020	0		0
	TOTAL	235,292,05	4,685,63	239,977,68

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2020 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 50% do total de achega e préstamo provincial asignado)	Orzamento
ABASTECIMIENTO EN A PEREIRIÑA. FASE II	102.000,01 €
MELLORA DO NÚCLEO DE PORCAR (LIRES)	102.157,39 €
TOTAIS	204.157.40 €

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2020 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2020, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente."

Asinado dixitalmente ao marxe.

Sra alcaldesa do Concello de Cee.

Margarita Lamela Louzán."

**Sométese a votación nominal a Proposta e resulta aprobada por unanimidade dos asistentes á sesión.**

Cee, martes 21 de abril de 2020

A secretaria, ROCIO HERMIDA CANCELA."

-----VOTACIÓN-----

**Sométese á votación nominal o Ditame e resulta aprobado por unanimidade dos presentes.**

**DA COMISIÓN DE SEGUIMIENTO DE CONCESIÓN ADMINISTRATIVAS E SERVIZOS PÚBLICOS**

**5. Proposta da Alcaldía relativa á modificación do contrato de xestión interesada do servizo da piscina municipal e outras actividades deportivas de Cee: Modificación de tarifas (Cláusula 15 PCAP).**

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



Considerando o seguinte Ditame:

"Na sesión realizada pola Comisión Informativa de Comisión Informativa de Seguimento de Concesións Administrativas o día luns 27 de abril de 2020 emitíuse o seguinte **DITAME**:

**"2. Proposta da Alcaldía relativa á modificación do contrato de xestión interesada do servizo da piscina municipal e outras actividades deportivas de Cee: Modificación de tarifas (Cláusula 15 PCAP).**

Considerando a seguinte:

**"PROPOSTA ALCALDÍA.**

**ASUNTO:** MODIFICACIÓN DO CONTRATO DE XESTIÓN INTERESADA) DO SERVIZO DA PISCINA MUNICIPAL E OUTRAS ACTIVIDADES DEPORTIVAS DE CEE: MODIFICACIÓN DE TARIFAS (CLÁUSULA 15 PCAP)

**EXPEDIENTE Nº 2020/X999/000036**

Considerando o informe conxunto emitido por Secretaría e Intervención, que se transcribe:

**"ANTECEDENTES**

1. Prego de cláusulas administrativas particulares e técnicas do servizo.
2. Contrato administrativo de data 10 de outubro de 2018.
3. Solicitud de don Andrés Eirís Barca asinada en data 10 de marzo de 2020
4. Acta de inicio de prestación do servizo de 10 de outubro de 2018

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Regulamento xeral lei de contratos.
- TRLCSP (Real decreto lexislativo 3/2011, de 14 de novembro).
- Disposición transitoria primeira TRLCSP.
- Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público.

**FUNDAMENTOS DE DEREITO:**

**PRIMEIRO.-** Solicitud de D. Andrés Eirís Barca, en representación de VIRAXES SL que reza así: En relación ao expediente 2017/C0004/000004 e facendo referencia ao cláusula 15ª en canto a retribución do adxudicatario: "Consistirá nos seguintes ingresos: - Ingresos, suxeitos a tarifa que serán aprobaods, ou no seu caso modificados polo Concello, entre as que corresponden a socios, abonos mensuais, cursiños de natación, participaciñon en actvs concretas, entradas puntuais, podranse fixar outras tarifas por servizos específicos non previstos anteriormente. Estas tarifas serán incrementadas anualmente polo IPC anual tomando como referencia o día do inicio da actividade e en relación ao exercizo anterior e co límite máximo establecido no TRLCSP... O inicio da actividade foi o 1 de febreiro de 2019. Según o INE o incremento do IPC entre xaneiro de 2019 e xaneiro de 2020 foi dun 1,1 % SOLICITA Aprobar por parte do Concello de Cee a subida do 1,1 % das tarifas, en matrículas, abonos, cursos, entradas e bonos

**SEGUNDO.-** Considerando que o PCAP remite ó TRLCSP (RDL 3/2011 vigor no momento da adxudicación), a Modificación de contratos ven regulada no artigo 106:

**Artículo 106 Modificaciónes previstas en la documentación que rige la licitación**

Los contratos del sector público podrán modificarse siempre que en los pliegos o en el anuncio de licitación se haya advertido expresamente de esta posibilidad y se hayan detallado de forma clara, precisa e inequívoca las condiciones en que podrá hacerse uso de la misma, así como el alcance y límites de las modificaciones que pueden acordarse con expresa indicación del porcentaje del precio del contrato al que como máximo puedan afectar, y el procedimiento que haya de seguirse para ello.

A estos efectos, los supuestos en que podrá modificarse el contrato deberán definirse con total concreción por referencia a circunstancias cuya concurrencia pueda verificarse de forma objetiva y las condiciones de la eventual modificación deberán precisarse con un detalle suficiente para permitir a los licitadores su valoración a efectos de formular su oferta y ser tomadas en cuenta en lo que se refiere a la exigencia de condiciones de aptitud a los licitadores y valoración de las ofertas.

**Capítulo 3 Sección 3ª do TRLCSP, adicado a modificación dos contratos de xestión de servizos**

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)





públicos, **no seu artigo 282 establece:**

### **“Modificación del contrato y mantenimiento de su equilibrio económico**

**1. La Administración podrá modificar por razones de interés público y si concurren las circunstancias previstas en el título V del libro I, las características del servicio contratado y las tarifas que han de ser abonadas por los usuarios.**

**2. Cuando las modificaciones afecten al régimen financiero del contrato, la Administración deberá compensar al contratista de manera que se mantenga el equilibrio de los supuestos económicos que fueron considerados como básicos en la adjudicación del contrato.**

**3. En el caso de que los acuerdos que dicte la Administración respecto al desarrollo del servicio carezcan de trascendencia económica el contratista no tendrá derecho a indemnización por razón de los mismos.**

**4. La Administración deberá restablecer el equilibrio económico del contrato, en beneficio de la parte que corresponda, en los siguientes supuestos:**

**a) Cuando la Administración modifique, por razones de interés público y de acuerdo con lo establecido en el título V del libro I, las características del servicio contratado.**

**b) Cuando actuaciones de la Administración determinaran de forma directa la ruptura sustancial de la economía del contrato.**

**c) Cuando causas de fuerza mayor determinaran de forma directa la ruptura sustancial de la economía del contrato. A estos efectos, se entenderá por causas de fuerza mayor las enumeradas en el artículo 231 de esta Ley.**

**5. En los supuestos previstos en el apartado anterior, el restablecimiento del equilibrio económico del contrato se realizará mediante la adopción de las medidas que en cada caso procedan. Estas medidas podrán consistir en la modificación de las tarifas a abonar por los usuarios, la reducción del plazo del contrato y, en general, en cualquier modificación de las cláusulas de contenido económico incluidas en el contrato. Así mismo, en los casos previstos en los apartados 4.b) y c), podrá prorrogarse el plazo del contrato por un período que no exceda de un 10 por ciento de su duración inicial, respetando los límites máximos de duración previstos legalmente.”**

**A cláusula 15ª do PCAP establece:**

### **“RETRIBUCIÓN DO ADXUDICATARIO**

Consistirá nos seguintes ingresos:

-Ingresos suxeitos a tarifa que serán aprobados, ou no seu caso modificados polo Concello, entre as que corresponden a socios, abonos mensuais, cursos de natación, participación en actividades concretas, entradas puntuais, Poderanse fixar outras tarifas por servizos específicos non previstos anteriormente. Estas tarifas serán incrementadas anualmente co IPC anual tomando como referencia o día de inicio da actividade e en relación ao exercicio anterior e co límite máximo establecido no TRLCSP (...)

Partimos en todo caso, dunha modificación contractual prevista no PCAP, conforme o artigo 106 do TRLCSP e que en todo caso deberá cumprir os requisitos que se detallan:

a) A cláusula de modificación deberá estar formulada de forma clara, precisa e inequívoca.

b) Así mesmo, no que respecta ao seu contido, a cláusula de modificación deberá precisar co detalle suficiente: o seu alcance, límites e natureza; as condicións en que poderá facerse uso da mesma por referencia a circunstancias cuxa concorrencia poida verificarse de forma obxectiva; e o procedemento que deba seguirse para realizar a modificación.

A formulación e contido da cláusula de modificación deberá ser tal que en todo caso permita aos candidatos e licitadores comprender o seu alcance exacto e interpretala da mesma forma e que, por outra banda, permita ao órgano de contratación comprobar efectivamente o cumprimento por parte dos primeiros das condicións de aptitude esixidas e valorar correctamente as ofertas presentadas por

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



estes.

**TERCEIRO.-** En canto ó procedemento aplicable, o artigo 108 reza así:

**Artículo 108 Procedimiento**

1. En el caso previsto en el artículo 106 las modificaciones contractuales se acordarán en la forma que se hubiese especificado en el anuncio o en los pliegos.

2. Antes de proceder a la modificación del contrato con arreglo a lo dispuesto en el artículo 107, deberá darse audiencia al redactor del proyecto o de las especificaciones técnicas, si éstos se hubiesen preparado por un tercero ajeno al órgano de contratación en virtud de un contrato de servicios, para que, en un plazo no inferior a tres días, formule las consideraciones que tenga por conveniente.

3. Lo dispuesto en este artículo se entiende sin perjuicio de lo establecido en el artículo 211 para el caso de modificaciones que afecten a contratos administrativos.

**CUARTO.-** O licitador na súa solicitude aplica para a actualización de tarifas como data de inicio de actividade a de febreiro de 2019 polo que aplica a diferenza entre o IPC de febreiro de 2019 a febreiro de 2020 (1,1). Nembargantes do expediente se deriva que o inicio da actividade debe producirse na data de formalización da acta de inicio de actividade de data 10 de outubro de 2018 polo que se toma como referencia a diferenza de IPC de 10 de outubro de 2019 a 10 de outubro de 2018 (0.1%) sen prexuízo de outras consideración sinaladas. Consta no expediente constatación do INE das datas referenciadas.

**QUINTO.-** Reitéranse os informes xurídico e de fiscalización derivados do expediente de contratación, en especial os relativos á natureza destes ingresos e a súa adecuación á natureza tributaria dos mesmos.

**SEXTO.-** No relativo ao órgano competente, é o Pleno da Corporación dado que foi o órgano de contratación que adxudicou o contrato no seu día.

**SÉPTIMO.-** Conforme regula o artigo 108 TRLCSP, o procedemento que se instrua para a modificación contractual deberá darse audiencia ao adxudicatario do contrato: VIRAXES S.L

**CONCLUSIÓN:**

Polo exposto, as informantes consideran que procede a adecuación das tarifas dacordo co IPC conforme se indica o longo do informe e coa tramitación nel referida sen prexuízo dos informes realizados no seu día co motivo da aprobación do expediente citado e actuación posteriores.

Asinado dixitalmente ao marxe.

Secretaría Municipal

Interventora Municipal.”

Vista a solicitude formulada por don Andrés Eirís Barca asinada en data 10 de marzo de 2020.

En uso das facultades atribuídas pola lexislación vixente, **PROPOÑO AO PLENO DA CORPORACIÓN** a adopción do seguinte **ACORDO:**

**PRIMEIRO.- Aprobación inicial** da modificación contractual do contrato de xestión intersada da piscina municipal de Cee, asinado o 10 de outubro de 2018, entre o Concello de Cee e VIRAXES SL, consistente na modificación das tarifas conforme establece a cláusula 15 do PCAP, a saber, o inicio da actividade produciuse na data de formalización da acta de inicio de actividade o 10 de outubro de 2018 polo que se toma como referencia a diferenza de IPC de 10 de outubro de 2019 a 10 de outubro de 2018, esto é, o 0.1%, que se traduce nas tarifas que se detallan:

**Tarifas**

**ABONOS INSTALACIÓN**

Tipo Individual		Tipo Familiar
3ª idade	Adulto	Abono familiar



<b>xuventude</b>		
Cota de entrada 22,64 euros	Cota de entrada 22,64 euros	Cota de entrada 22,64 euros
<b>Cota mensual 16,47 euros/mes</b>	<b>Cota mensual 26,89 euros/mes</b>	<b>Cota mensual 32,26 euros/mes</b>

- ❑ **ABONO ADULTO:**  
*Persoa maior de 18 anos que fai uso das instalacións sen límites e en toda a súa banda horaria.*
- ❑ **ABONO INDIVIDUAL 3ª IDADE:**  
*Persoa maior de 65 anos que fai uso das instalacións sen limitacións de días e en toda a súa banda horaria.*
- ❑ **ABONO XUVENTUDE:**  
*Persoa menor de 18 anos que fai uso das instalacións sen límites e en toda a súa banda horaria.*
- ❑ **ABONO FAMILIAR:**  
*Cabeza de familia que pode incluír no seu abono a cónxuxe e fillos menores de 18 anos, que fan uso das instalacións sen limitación horaria. Os fillos ó cumprir os 18 anos deberán inscribirse nunha das modalidades individuais sen ter que abonar cota de entrada.*

### O abono da dereito a:

BAÑO LIBRE  
MUSCULACIÓN CON MONITOR DE SALA  
25% DESCONTO EN CURSOS  
SAUNA  
HIDROMASAXE  
DESCONTOS EN SOLARIUM  
DESCONTOS EN MATERIAL DEPORTIVO  
ASESORAMENTO TÉCNICO

### **Entradas e bonos**

#### XIMNASIO SALA DE MUSCULACIÓN

<b>Sesión (1 hora)</b>	<b>2,61 €</b>
<b>Bono 10 sesións</b>	<b>15,85 €</b>
<b>Bono 20 sesións</b>	<b>30,57 €</b>

#### PISCINA

<b>MENORES DE 18 ANOS E ESTUDIANTES MAIORES DE 65 ANOS</b>		<b>ENTRE 18 E 65 ANOS</b>
<b>1 SESIÓN</b>	1,76 €	2,70 €
<b>10 SESIÓNs</b>	10,55 €	18,75 €
<b>15 SESIÓNs</b>	14,07 €	24,60 €
<b>20 SESIÓNs</b>	17,57 €	30,47 €
<b>30 SESIÓNs</b>	24,60 €	40,43€

A entrada puntual e o bono piscina dan dereito a

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garantese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



utilizar piscina e sauna.

### Solarium

	<b>ABOADOS</b>
SOLARIUM	
1 sesión	3,51 €
bono 10 sesións	28,11 €

O solarium, masaxe e a fisioterapia terán que solicitarse de forma anticipada.

### ALUGUER PISCINA

ALUGUER	RÚAS	PREZO
1 hora	1	20,02€

### TAXAS CURSOS

#### CURSOS SECO

CURSOS SECO	Horas/sem	Aboados	Non aboados
ACTIVIDADE	1	7,04 €	10,55 €

#### PISCINA

Curso	Horas/sem	Aboados	Non aboados
Natación infantil ( 0-16)	1	5,86 €	8,80 €

Curso	Horas/sem	Aboados	Non aboados
Natación adulto (I. y P.)	1	7,04 €	10,55 €

Curso	Horas/semana	aboados	Non_ aboados
Natación 3ª IDADE	1	5,86 €	8,80 €

O incremento do número de horas semanais dará lugar o incremento porcentual na tarifa aplicada.

### PUBLICIDADE EN PISCINA

<b>PUBLICIDADE ESTÁTICA</b>	
Anuncio 2 por 1m	70,31 euros/mes
Anuncio 1 por 0.5 m	35,16euros/mes

### **SEGUNDO.- Outorgar un trámite de audiencia a VIRAXES SL**

de conformidade co artigo 108 do TRLCSP aos efectos de que formule as consideración/alegacións que estime oportunas, no prazo de 5 días hábiles a contar dende o seguinte a recibir a notificación do presente acordo.



**De non formular consideración/alegacións, entenderase definitivamente aprobada a modificación contractual, debendo constar a aceptación de VIRAXES SL para a continuación da tramitación do expediente, debido a suspensión dos prazos establecida no Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma e a D.A. 3ª do mesmo RD.**

**TERCEIRO.-** Notificar o presente acordo ao interesado, indicándolle que, de conformidade coa Disposición adicional 3ª do Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma, para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, os prazos para presentar os recursos correspondentes quedan suspendidos.

Non obstante, advírtolle que se trata dun acto de trámite e, como tal, non procede a interposición de recursos contra el. Con todo, contra as resolucións e os actos de trámite, se estes últimos deciden directa ou indirectamente o fondo do asunto, determinan a imposibilidade de continuar o procedemento, producen indefensión ou perxuízo irreparable a dereitos e intereses lexítimos, de conformidade co artigo 112.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, poderase interpor o recurso potestativo de reposición, que caberá fundar en calquera dos motivos de nulidade ou anulabilidade previstos nos artigos 47 e 48 desta Lei. O prazo para interpoñer o recurso potestativo de reposición será de UN MES, a contar dende o día seguinte en que perda vixencia a dita suspensión ou as súas posibles prórrogas. Non obstante, Vde. poderá alegar o que estime oportuno.

Asinado dixitalmente ao marxe.

Alcaldesa do Concello de Cee.

Margarita Lamela Louzán."

**Sométese a votación nominal a proposta e resulta ditaminada favorablemente no seguinte sentido: 1 abstención de D. Serxio Dominguez Louro e 7 votos a favor dos restantes concelleiros/las asistentes á sesión.**

A secretaria, ROCÍO HERMIDA CANCELA."

Non se producen intervencións.

-----VOTACIÓN-----

**Sométese á votación nominal o Ditame e resulta aprobado no seguinte sentido:**

ALCALDESA	FAVOR
RUBEN VILLAR AGULLEIRO	FAVOR
EMILIA MARÍA TRILLO LOJO	FAVOR
JUAN MANUEL BUITURON CARBALLO	FAVOR
ANTONIO DOMINGUEZ GARCÍA	FAVOR
ÁGUEDA MARÍA DÍAZ MEJUTO	FAVOR
MARÍA VICTORIA AREAS POSE	FAVOR
RAMÓN VIGO SAMBADE	FAVOR
PILAR IGLESIAS LEMA	FAVOR
MARÍA DEL CARMEN DÍAZ FREIRE	FAVOR
SERXIO DOMINGUEZ LOURO	ABSTENCIÓN
CESAR FERNANDO PÉREZ MARTÍNEZ	ABSTENCIÓN
JUAN RAMÓN HERMIDA FANDIÑO	FAVOR

## **6. Proposta da alcaldía relativa a compensación/contra-prestación gastos de piscina. Liquidación Ano 1 (Cláusula 16 PCAP).**



Considerando o seguinte Ditame:

“Na sesión realizada pola Comisión Informativa de Comisión Informativa de Seguimento de Concesións Administrativas o día luns 27 de abril de 2020 emitíuse o seguinte **DITAME**:

**“3.Proposta da alcaldía relativa a compensación/contra-prestación gastos de piscina. Liquidación Ano 1 (Cláusula 16 PCAP).**

Considerando a seguinte:

**“PROPOSTA ALCALDÍA**

**ASUNTO:** *Compensación/contra-prestación gastos de piscina. Liquidación Ano 1 (Cláusula 16 PCAP).*  
**EXPEDIENTE Nº:** **2020/X999/000015**

**CONSIDERANDO O INFORME DE FISCALIZACIÓN EMITIDO POLA SRA INTERVENTORA QUE CONCLÚE:**

**“(…) RESULTADO DA FISCALIZACIÓN.**

- Devolución do expediente ó departamento de orixe.*
- Fiscalizado de conformidade.*
- Fiscalizado de conformidade condicionada.*
- Fiscalizado de conformidade xeral con salvedades*
- Fiscalizado de desconformidade*

**CONCLUSIÓN.**

*Devolución do expediente para subsanación de erros e/ ou aportación dos documentos omitidos.*

*Procede a tramitación do expediente e aprobación do gasto coas observacións realizadas.*

*Sen efectos suspensivos( por non concorrer os requisitos esixido no artigo 216), aínda que coa recomendación de subsana – los reparos antes de somete-lo expediente a aprobación, se puideran ser subsanables; respecto ós non subsanables a recomendación é que non sexan reiterados en expedientes futuros.*

*Suspensión da tramitación do expediente e da execución dos gastos ata que os reparos sexan solventados ou sexa resolta a discrepancia plantexada en relación cas facturas afectadas por reparo e procede a tramitación do expediente en relación cas demais facturas.*

*Se o órgano ó que afectan os reparos ou observacións non estivera de acordo cos mesmos corresponderá **ó Pleno da Corporación a resolución da discrepancia prantexada** (artigo 217.1 do RDL 2/2004).*

**ANEXO: OBSERVACIONES**

*En primeiro lugar sinalar que o presente informe trata de recompilar datos e establecer premisas previas a toma de decisións e que nalgúns casos simplemente se trata de poñer de manifesto situacións de feito en aras a adopción de decisións acordes a dereito.*

*Temos que partir de que estamos ante unha figura de difícil comprobación como é a xestión interesada como xa se puxo de manifesto no momento da elección da mesma e soamente o control exhaustivo mediante unha persoa no seo da instalación pode garantir a certeza dos datos que se toman en consideración para esta toma de decisión, no seu defecto soamente se pode operar con presuncións de veracidade da documentación presentada e nos informes a posteriori dos distintos servizos municipais.*

*A Intervención Municipal non é órgano competente para o exame e comprobación de contabilidade empresarial polo que me limito a facer apreciacións do observado no expediente, solicitando en temas*



que exceden do meu ámbito de actuación á asistencia da Deputación da Coruña sen prexuízo de que o órgano competente para decidir solicite auditoría privada ou análise económico da contabilidade da empresa. Consideracións:

1. Na memoria de actuación presentada polo adxudicatario ponse de manifesto que si ben se toman en consideración os gastos e os ingresos realizados dende o 10 de outubro de 2018 a 9 de outubro do 2019 a actividade comezou realmente o 1 de febreiro. En relación a este dato salienta que das facturas que finalmente aprobou e pagou o Concello e do exame do expediente se deriva que a instalación non estaba na data de firma da acta de entrega da mesma en estado idóneo para o inicio de actividade. Esta afirmación condicionará toda a liquidación de gastos e incluso de ingresos xa que nestes últimos non se produce un ingreso regular dende o inicio posto que non se puxo a instalación en funcionamento ata meses despois o que xa supón un incumprimento inicial do contrato e sería obxecto de penalidades ou sanción no seu caso e no que hai que ter en conta a responsabilidade do concello nesta actuación xa que estaba obrigado a poñer a disposición do adxudicatario a instalación en perfecto uso para a súa posta en funcionamento. En relación ós gastos imputables tamén ten incidencia xa que a día de hoxe deberíanse valorar suministros, persoal etc e aparecen numerosos gastos de arranxos, instalacións etc que non deberían ser necesarios no primeiro ano de actividade se a instalación estivese en óptimas condicións para o seu desempeño.

2. En relación ós **ingresos** o PCAP recolle a necesidade de someter á aprobación do concello os modelos xustificativos de pagamento e os acreditativos do pagamento das tarifas. Como xa se sinalou anteriormente a certeza dos ingresos neste tipo de xestión é imposible salvo recadador municipal polo que soamente podemos dar por certos as declaracións e comunicacións do empresario que sinala como tales:

- Entradas
  - Venda de material
  - Matrículas, abonos e cursos.
- Nesta apartado sinalar como anomalías:
- Non se están a ingresar apartados como o de publicidade estática.
  - Non se perciben ingresos das máquinas expendedoras por acordos de mínimos coa empresa subministradora.
  - Existen ingresos ( recollidos segundo aclaración no cómputo total) que non están suxeitos á tarifa aprobada polo Concello (campus, adestramento persoal..) o que supón un claro exemplo de ingreso indebido xa que o adxudicatario soamente pode percibir ingresos polos importes determinados polo Pleno da Corporación e que neste caso formaban parte do PCAP o que supón un claro incumprimento do contrato. En todo caso se recomenda o exame das peticións de cambios solicitados para a mellora da xestión.

Ascenden segundo se detalla na memoria explicativa a **178.580,77€**. Posto que a liquidación se fai ata o 9 de outubro do 2019 o adxudicatario opta por prorratear os ingresos ( remesa, abonos etc) entre os días de prestación do servizo o que se somete a consideración.

3. En relación a los gastos:
- a) Sinalar en relación ós gastos que é difícil acreditación en todos os gastos a determinación de que os mesmos sexan realizados na piscina de Cee dado que si non se trata dun subministro directo ( luz, auga...) é a declaración do interesado o único elemento de xuízo que temos para a súa acreditación ( aprovisionamentos...) Nalgúns casos ( luz, auga...) é de fácil comprobación a dirección do subministro pero noutros casos é imposible dilucidar si a prestación ten como destinatario final a piscina de Cee o que supón una presunción de veracidade dos datos que aporta o adxudicatario sen posibilidade algunha de constatar a información. Asemade se realizan imputacións proporcionais en determinados gastos



- (xestoría etc) posto que existen varios centros de traballo descoñecendo esta Intervención a veracidade da mesma.
- b) Segundo a cláusula 22 do prego o adxudicatario deberá realizar a súa costa durante a vixencia do contrato as obras necesarias para a conservación dos bens e as melloras que se definiron na súa oferta. Posto que a instalación non estaba en situación de ser utilizada é de difícil comprobación que obras son de conservación e cales foron necesarias para a posta en marcha da instalación. En todo caso non se deberían ter en conta por ser susceptibles de valoración para a adxudicación aquelas que o adxudicatario se comprometeu a facer. En todo caso tamén se sinala a necesidade de autorización previa do concello para calquera obra de mellora adicional.
- c) O resumo dos gastos son os seguintes:

CONCEPTO	IMPORTE SOLICITADO	IMPORTE XUSTIFICADO*
APROVISIONAMENTO	14.365,98€	11.224,07
PERSOAL	159.393,25€	159.393,25
OUTROS GASTOS DE EXPLOTACIÓN	71.290,88€	71.172,80
AMORTIZACIÓN INMOVILIZADO	9.070,13€	9.070,13**
GASTOS FINANCEIROS	2.611,99€	1.567,97
BENEFICIO INDUSTRIAL	15.458,82€	0
<b>TOTAL</b>	<b>272.191,05</b>	<b>252.428,22</b>

\*sen prexuízo das consideracións realizadas e das opcións a dilucidar.

\*\*si se acepta a presentada polo licitador.

- GASTOS DE APROVISIONAMENTO:**
- a) O listado contable dos gastos de material deportivo da piscina sinala un importe total de 12.434,97€ . deste importe:
- As facturas de referencia 1239 e 1241 de SEDICAL S.A por importes de 462.66 e 900€ sinalan que son facturas compradas para CAPRESA que este facturará ó Concello polo que se o gasto xa foi sufragado a CAPRESA non pode ser obxecto de novo recoñecemento e pagamento polo que hai que descontar 1.362,66€
  - Hai que eliminar gastos por importe de 314,24€ ( 131,40+55.75+127,09€) relativos a roupa, calzado e balóns que aclara o adxudicatario que foron imputados incorrectamente.
- b) traballos por 466€ están debidamente xustificadas.
- GASTOS DE PERSOAL** remítome ó informe de persoal. Neste punto salienta que o xerente inclúe na súa nómina a cota de autónomo como retribución en especie que non se contemplaba no prego e que se somete a consideración. O informe de persoal no o sinala como anomalía.
- OUTROS GASTOS DE EXPLOTACIÓN.**
- a) Reparación e conservación: o listado contable sinala un importe de 4.117,53€.
  - b) Servizos de profesionais independentes contablemente se sinala un gasto de 7.269,24€
  - c) Primas de seguros sinala un importe de 3302,45€
  - d) Servizos bancarios sinalan un importe de 1.509,24 xustificadas.
  - e) Os gastos de publicidade da piscina supoñen un gasto de 1.665€
  - f) Os gastos de gasoleo ascenden a 24.915,50€
  - g) Os gastos de agua ascenden a 5.399,96€





- h) Teléfono ascenden a 545,88€
- i) Os gastos de luz ascenden a 17.552,01€ debidamente acreditados.
- j) Os gastos de oficina ascenden a 1.349,76€
- k) Outros gastos da piscina ascenden a 3.664,31€. De este importe hai que descontar 118,08€( 23,16+94.92) relativos a roupa e calzado que o adxudicatario declara non imputables ó servizo.

□ **AMORTIZACIÓN**

En relación á amortización realizada polo adxudicatario sinalar que a realizada non se axusta á táboa sinalada polo Ministerio de Facenda para a fixación dos criterios de amortización en función da vida útil do ben. Consultada á Deputación da Coruña ante o carácter privado deste tipo de gasto pon de manifesto as diferencias entre o amortizado na xustificación do gasto e o amortizado segundo o criterio de facenda. Sinalar que o alleamento deste criterio debe ser obxecto de xustificación. Polo exposto por parte da alcaldía se realiza entre outras unha aclaración neste punto ó adxudicatario que xustifica a súa postura. Sinalar que de aceptarse dita proposta o remate do prazo do contrato os bens quedarían totalmente amortizados no podendo admitirse maior amortización no prazo de prórroga si esta se producise.

Elemento activo	Valor	Años	%empres a	% Hacienda	exceso
Utillaxe vario Gim.	3.481,60	4	25	25	
Máquinas gimnasio	35.125,65	6	16,66	12	1.636,86
Baño Turco	12.125	6	16,66	10	807,52
Portátil Lenovo	2.2027,64	4	25	25	
Máquinas gimnasio	6.142,50	6	16.66	12	286.24
Mobiliario	219,01	6	16.66	10	14,59
Revestimiento Baño turco	1.750	6	16.66	10	116,55
Mobiliario Oficina	516,53	6	16.66	10	34,40
Luminaria Proy 135W	2.290,60	6	16.66	10	152.55
Máquinas gimnasio	655,50	6	16.66	12	30,55
Muebles oficina	176,42	6	16.66	10	11,75
Bomba piscina	422,60	6	16.66	12	19,69
Máquina abdominal	864	6	16.66	12	40,26
Limpiafondos Dolphin	2.048,76	3	33.33	25	170,66
Squat Rack	1.637	6	16.66	12	76,28
Limpiafondos Dolphin	1.032,23	3	33.33	25	85,98
Elevador hidraulico	2.675	6	16.66	12	124,66
Programa Nutrición	290	6	16.66	33	
TV. Samsung	206,61	6	16.66	20	
Deshumificador	197,52	6	16.66	12	9,20
Equipo Sonido	611	6	16.66	20	
Monitor LK 6200	2.631,50	6	16.66	20	
Multiposición bench295	295,80	6	16.66	12	13,78
Desfibrilador	986,75	6	16.66	15	16,38



LK 8150 Elíptica	2.122,20	6	16.66	20	
<b>TOTAL</b>					<b>3.647,90</b>

## □ GASTOS FINANCIEROS

O adxudicatario presenta como gastos financeiros relativos a préstamos e liñas de crédito se entenden incluídas no gasto habitual de xestión da actividade excepto os de aval requerido polo Concello no expediente de contratación xa que se entende como previo ó exercicio da actividade e que non debe ser tido en conta como gasto de xestión senón necesario para a licitación como poderían ser os gastos de xestión no procedemento de licitación, gastos de publicidade, compulsas, notariais etc polo que o importe deste apartado ascendería a 1.567,97€ unha vez minorado o de 1.044,02€ correspondente ó aval.

Finalmente o adxudicatario considera que os gastos do beneficio industrial forman parte do resultado a asumir polo Concello. Esta Intervención considera, e así foi confirmado polo servizo de asistencia da Deputación da Coruña que o prego na súa cláusula 15 que determina a retribución do adxudicatario sinala que o Concello compensará á empresa xestora pola perda obtida o que non garante a existencia dun beneficio senón que compensará perdas non abona beneficios. Entende esta Intervención a necesidade de que o adxudicatario obteña tales beneficios para garantir a continuación do mesmo pero o prego non recolle o abono dos mesmos o que debe conseguir o adxudicatario mediante unha xestión eficaz da mesma limitándose ó concello a compensar as perdas ata o límite de 80.000€ sinalado polo que o beneficio non debe formar parte da conta de liquidación.

Tralo exame do prego de condicións que serviu como base da licitación se pon de manifesto unha serie de defectos/fallas ou anomalías que deben ser obxecto de valoración polo órgano competente para decidir ós efectos de determinación tralos informes oportunos dos procedementos para sancionar/subsanar ou paliar ós mesmos. A saber:

- O adxudicatario segundo o prego debe solicitar autorización do concello para:
  - Autorización expresa para calquera actividade ou servizo non incluído na xestión. Non consta
  - Modelos xustificativos do pago. Non consta
  - Realización de obras de mellora necesarias o adicionais . Non consta.
- Plan de seguridade e evacuación no prazo máximo de dous meses dende a firma do contrato. Non consta.
- Informe anual de control de calidade. Non consta
- Plan de prevención de riscos laborais. Non consta.
- Actividades de formación presentada na oferta económica. Non consta.

Existen algúns aspectos de difícil consideración posto que o prego non detalla a fórmula de actuación e que deben someterse a consideración:

1. En relación á inversión realizada. Con independencia das consideracións realizadas da no entrega da instalación no estado adecuado para a prestación do servizo e a necesidade de realización de actuacións máis aló da mera conservación así como a necesidade de autorización previa de obra e melloras se plantexa a dúbida si a inversión realizada polo adxudicatario e formou parte da súa proposta debe ser incluída como gasto á hora da imputación anual. É dicir o adxudicatario no sobre B se comprometeu á realización dunha inversión por importe de necesario para a realización do seu programa de actividades e servizos que foi obxecto de valoración e puntuación. Si ben é certo que non se puntuaba exactamente a oferta en inversión si foi obxecto de valoración polo que debe terse en conta a hora de dilucidar que gasto debe ser obxecto de consideración no cómputo total.

Polo exposto anteriormente a criterio desta Intervención se considera xustificado sen prexuízo das



consideracións realizadas nos parágrafos anteriores:

Ingresos por importe de 178.580,77€

Gastos por importe de 252.428,22€

**Polo exposto o límite máximo a satisfacer en compensación pola perda obtida non pode exceder de 73.847,45€**

O presente informe pretende sentar as bases previas a toma de decisións que sexa máis acorde coa legalidade e coas regras que rexeron a contratación. Partindo da premisa que esta Intervención considera que no presente expediente existe un alto grado de incerteza e de presunción de veracidade que imposibilitan unha fiscalización correcta e que a fórmula de xestión elixida sen os métodos de seguimento oportunos non garante con total fiabilidade o destino dos fondos públicos a necesidade de dar cumprimento ás obrigas contraídas co adxudicatario do servizo así como o principio de non enriquecemento inxusto da administración que recibiu o servizo dan lugar a necesidade de valorar cos datos, instrumentos e medios o noso alcance a contraprestación a satisfacer ó adxudicatario. Polo exposto e sen prexuízo das consideracións realizadas con motivo da contratación da xestión do servizo e no presente informe debo salientar:

- A necesidade dun maior control dos ingresos e gastos do servizo mediante comprobacións periódicas dos distintas premisas que conforman os ingresos e gastos.
- A necesidade de subministro de información puntual polo adxudicatario.
- A necesidade de regular as actividades/ ingresos para a correlación debida dos mesmos segundo acordo plenario.
- A adopción das medidas que se estimen necesarias derivadas dos incumprimentos que se derivan do expediente."

Visto o requirimento formulado a VIRAXES SL e a documentación presentada.

En uso das facultades atribuídas pola lexislación vixente **PROPOÑO AO PLENO DA CORPORACIÓN** a adopción do seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO.-** Acordar a Compensación/contra-prestación gastos de piscina- Liquidación Ano 1 (Cláusula 16 PCAP) pola contía de **73.847,45 €**, de conformidade co informe de fiscalización transcrito no expositivo do presente acordo.

**SEGUNDO.-** De conformidade coa Cláusula 25 do PCAP, segundo a cal o Concello reservase a facultade de ditar disposicións encamiñadas a maior efectividade, procédese a ditar as seguintes **DISPOSICIÓNS OBRIGATORIAS** para o adxudicatario:

- A) Deberá solicitar previa autorización ao Concello, cando pretenda adquirir e renovar elementos necesarios para a explotación da instalación, que posteriormente vaian ser imputables os Gastos derivados da explotación na Memoria Económica. En relación a esta autorización delégase esa facultade na alcaldía do Concello en aras a eficacia administrativa, previo informe do Responsable do Contrato (Técnico de deportes) relativo a idoneidade económica e técnica.
- B) En todos os gastos que formen parte da Memoria Económica Anual, deberán vir referidos unicamente á actividade económica realizada na piscina municipal de Cee, para o cal debe levarse unha contabilidade separada do resto das que poida estar exercendo o adxudicatario.  
A título indicativo:
  - Gastos de persoal.
  - Gastos de mantemento.
  - Gastos dos contratos de servizos e outros que sexan necesarios para o adecuado cumprimento do programa ofertado.
  - Gastos de xerencia de natureza externa debidamente acreditados mediante contratos.
  - Gastos de asesoramento externo debidamente acreditados
  - Gastos de contabilidade debidamente acreditados.
  - Outros gastos derivados da explotación.



C) En relación os gastos de xerencia, concretamente a cota de autónomo como retribución en especie, será para exercicios futuros, a cantidade máxima mensual de 364,22 euros sen prexuízo do incremento/variación legalmente establecido con referencia a dita cota.

D) En relación os ingresos de pagos en efectivo coma os pagos da matrícula, o primeiro mes de abono ou entradas, deberá aprobarse un modelo xustificativo de pago (talonario) que deberá estar selado polo Concello de Cee, debendo procederse da seguinte forma:

- Antes do inicio de cada mes, a empresa adxudicataria entregará o talonario para o seu selado polo Concello.

- A empresa firmará un recibo dando a súa conformidade a documentación recibida, asumindo toda a responsabilidade.

- Toda persona que acceda a instalación pagada en efectivo deberá ter o xustificante de abono.

- O remate de cada mes a empresa entregará o técnico de deportes do Concello de Cee matriz dos talonarios vendidos xunto cos sobrantes, así coma un estadillo, por duplicado, con indicación dos conceptos e cantidades liquidadas para o acceso da piscina, así como a totalidade da cantidade recaudada, con distinción dos ingresos en efectivo.

Ademáis da documentación de obrigado cumprimento establecida na cláusula 25 do PCAP, a Intervención do Concello de Cee, conforme dita cláusula, poderá existir calquer outro documento ou informe nos términos previstos no artigo 222 do TRLRHL.

**TERCEIRO.-** Notificar o presente acordo aos interesados con indicación expresa de que, de conformidade coa Disposición adicional 3ª do Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma, para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, os prazos para presentar os recursos correspondentes quedan suspendidos.

Infórmolle que, unha vez perda vixencia a dita suspensión ou a súas posibles prórrogas, contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer o recurso de reposición perante o mesmo órgano que a ditou, dentro do prazo de UN MES ou ben impugna directamente perante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa dentro do prazo de DOUS MESES, contados ambos os dous prazos dende o día seguinte en que perda vixencia a suspensión referida ou as súas posibles prórrogas.

Así mesmo, poderá interpoñer o recurso extraordinario de revisión en vía administrativa, perante o mesmo órgano que o ditou, polos motivos e no prazo previsto no artigo 125 da Lei 39/2015, que empezará a contar dende o día seguinte en que perda vixencia a suspensión indicada ou as súas posibles prórrogas.

Asinado dixitalmente ao marxe.

Alcaldesa do Concello de Cee.

Margarita Lamela Louzán."

**Sométese á votación nominal a proposta e resulta ditaminada favorablemente no seguinte sentido: 3 abstencións dos concelleiros/las dos grupos políticos PP e BNG e 5 votos a favor dos restantes concelleiros/las asistentes á sesión.**

A secretaria, ROCÍO HERMIDA CANCELA."

## -----INTERVENCIÓNS-----

Sra alcaldesa: xa coñecen a proposta que foi debatida na comisión.

Sr Dominguez García: eu non vou entrar no modelo de xestión porque temos que soportar nos próximos o 5 anos pero o que si lle pido é que a comisión de seguimento das concesións é para seguir as concesións e non unha reunión o ano e aceptar os resultados do concesionario e tragalos e punto como este ano, polo que sei que non fun a piscina polo que averigüei xa non fan carnets porque está a piscina a tope de clientes, iso supón que non teñamos que pagar, este ano si teríamos que pagar algo porque se empezou en outubro e a xente non se empezou a apuntar e este ano tamén vai ter

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



problemas polo Covid pero nun ano normal como mínimo non tería que costarnos cartos e o outro día na radio a Sra alcaldesa alababa e vanagloriaba de que aforramos 6000 euros e creo que temos que aforrar bastante mais porque nos sigue saíndo caro, tampouco me gusta porque tomou o apoio do PP case incondicional e está facendo un uso indebido del e mire cada vez me costa mais traballo ter apoiado porque ir a radio a dar o resultado antes de xogar o partido non me gusta e utilizar a boa fe da oposición que falamos claramente nas comisións non nos reservamos nada e vai aproveitarse na radio da boa fe da oposición para adiantar o resultado do partido sen xogalo, insisto ca comisión de concesión non sirva so para o resultado de fin de ano senón para seguir a concesión e haxa un control exhaustivo para que non teñamos que pagar os 70.000 euros o ano que creo que si hai un control nun ano normal sen problemas a piscina de Cee se autofinancia e non ten que costar absolutamente nada. Sra alcaldesa: con relación a este ano soamente mirando os gastos temos case 160.000 euros en gastos de persoal e superan os 50000 en subministros, os ingresos, como dixo, a piscina non empezou ata febreiro tiveron case 4 meses sen funcionar e tivo que acometer unha serie de obras polo adxudicatario que as detalla na súa memoria que obra e poden acceder sen problema, con respecto a convocatoria da comisión xa en breve vamos ter unha polas tarifas para estudar a modificación que solicitou Viraxes SL, evidentemente hai que facer un seguimento da concesión non so da piscina senón do resto e se convocarán as comisións correspondentes para elo.

Sr Dominguez: perfecto, a ver si é verdade.

Sr Vigo Sambade: eu simplemente comparto unha parte importante do discurso do Sr Dominguez pero nos non lle demos o noso apoio e estamos mais tranquilos pero parte importante si que o compartimos.

Sra alcaldesa: cal é a parte importante do discurso?

Sr Vigo Sambade: pois a parte da política propagandística da xestión do concello en concreto nas últimas declaracións que fixo na radio.

Sra alcaldesa: eu de verdade que me sorprende día a día.

Sr Vigo Sambade: é unha sorte é.

Sra alcaldesa: día a día me sorprende.

Sr Vigo Sambade: e non lle queda nada por ver.

Sra alcaldesa: a verdade e que me queda moito por coñecerlo si.

Sr Vigo Sambade: totalmente si

Sr Dominguez Louro: si eu xa o outro día na comisión coincidín co compañeiro do PP e hoxe volto a coincidir practicamente na totalidade do seu argumento, agradecer que Vde deixe pasar a comisión para saír na radio que a ten saído incluso antes da comisión co cal igual é un paso adiante, na radio presumiu que eran unhas boas cifras falaba que aforrabamos 6200 euros pero a realidade é que para manter esta infraestrutura imos ter que pagar 73800 euros dos presupostos, díxeno na comisión para nos esta é a crónica dunha morte anunciada, vai seguir pasando así, non creo que vaian mellorar as cousas, porque vai vir unha crisis grande ou xa estamos nela e sobre todo por algo mais perverso, a empresa non lle convén que haxa beneficios o cal é evidente que o sistema non é axeitado, cando se adxudicou votamos en contra e dixemos que non era o noso modelo de xestión axeitado pero hoxe podo aventurarme incluso a dicir que é o peor modelo que puideron ter elixido quen votou a favor, seguimos apostando polo que falamos antes, si pido que se loite por unha xestión mancomunada da piscina porque non deixa de ser unha infraestrutura supramunicipal, comarcal non é xusto que a veciñanza de Cee paguen dúas veces a piscina, cando pagan a entrada e o carnet e agora nesta parte dos 73800 euros, mire cando entrei de concelleiro por marzo do 2014 dous ou tres plenos despois chamoume atención que era aquel crédito de 10000 euros que ían dedicarse a selectividade en Cee, cando Vde entrou de concelleira tardou tempo meses pero despois asumiu a postura do Bng nese tema e tal e así que agora como alcaldesa acadou ou vai acadar que as probas vaian ser sufragadas por varios concellos e dende o Bng felicitamos porque foi unha proposta feita por nos se aquela lle pareceu ben agora a



convidamos a que asuma que xestión mancomunada é a mellor para Cee e por ende tamén os veciños de Cee e loite para converter nunha xestión supramunicipal e non falo tan sequera da mancomunidade, ir mais aló dunha xestión mais aló dos cinco concellos da mancomunidade é algo que hai que pelexar pero a convido para que a instalación que para nos n non é so de Cee o final lle coste a todo mundo por igual que os veciños de Cee non paguen duas veces por usar esa instalación.

Sra alcaldesa: con relación a que saín falando na radio e iso digo porque todos os portavoces menos Sr Hermida que non se pronunciou parece que a alcaldesa de Cee ten que pedir permiso a oposición, faltaría mais, creo que Vde tamén fala na radio, fai notas de prensa, participa nas redes sociais polo menos un pouco de respecto o mesmo que lle teño eu a todos Vdes. Con relación o tema da selectividade é certo que se asinou convenio con varios concellos Vde sempre asume as iniciativas como súas e eu dende a oposición tamén reivindicuei esta iniciativa, cando cheguei púxenme mans a obra, non puido ser pola mancomunidade de Fisterra e se redactou un convenio para cada concello que non todos quixeron asinar, e despois con relación o tema da piscina non creo que sexa unha morte anunciada, a xestión interesada funciona están concellos, entre eles as Pontes de García Rodríguez interesado e outros concellos pediron os pregos para poder estudar e quedaron abraiados do bo funcionamento desta piscina, penso que non é unha morte anunciada todo o contrario se non fose pola xestión interesada non estaría aberta a piscina, si tiveramos a xestión directa co este estado de alarma que lle pasaría o concello coa súa situación económica so deixo esta pregunta para que reflexione.

Sr Dominguez Louro: vou ser breve non sei porque pide respecto as suas intervencións na radio porque nin eu nin os compañeiros que interviron antes, supoño que non temos problema en que fale pola radio faltaría mais, non é iso, non hai ningunha falta de respecto cara Vde cando fala pola radio simplemente entendo que o normal sería que Vde falara deste tema pasado, quero dicir a partir da semana que ven que contara exactamente o que pasou porque dou por feito o que está pasando porque non pode pasar doutra maneira, non podemos vendela pel do oso antes de cazalo, estou falando dunha realidade tampouco dixen que Vde cando entrou non dixera que a idea fora boa, Vde o ten dito nalgún pleno porque estabamos os dous presentes, o da xestión xa a xente vulgará si é positiva ou negativa pero repito que nos vai costar 73800 euros non cremos que sexa unha xestión positiva nin para estar contento.

Sr Hermida: nada, como xa dixen na comisión que agora mesmo votarei a favor da concesión que está se non hai outra opción mellor, non se pode pechar.

## VOTACIÓN

**Sométese á votación nominal o Ditame e resulta aprobado no seguinte sentido:**

<b>ALCALDESA</b>	<b>FAVOR</b>
<b>RUBEN VILLAR AGULLEIRO</b>	<b>FAVOR</b>
<b>EMILIA MARÍA TRILLO LOJO</b>	<b>FAVOR</b>
<b>JUAN MANUEL BUITURON CARBALLO</b>	<b>FAVOR</b>
<b>ANTONIO DOMINGUEZ GARCÍA</b>	<b>ABSTENCIÓN</b>
<b>ÁGUEDA MARÍA DÍAZ MEJUTO</b>	<b>ABSTENCIÓN</b>
<b>MARÍA VICTORIA AREAS POSE</b>	<b>ABSTENCIÓN</b>
<b>RAMÓN VIGO SAMBADE</b>	<b>FAVOR</b>
<b>PILAR IGLESIAS LEMA</b>	<b>FAVOR</b>
<b>MARÍA DEL CARMEN DÍAZ FREIRE</b>	<b>FAVOR</b>
<b>SERXIO DOMINGUEZ LOURO</b>	<b>ABSTENCIÓN</b>
<b>CESAR FERNANDO PÉREZ MARTÍNEZ</b>	<b>ABSTENCIÓN</b>



JUAN RAMÓN HERMIDA FANDIÑO	FAVOR
----------------------------	-------

## **B) PARTE DE NON RESOLUTIVA DE CONTROL E SEGUIMENTO DA XESTIÓN DE ÓRGANOS DE GOBERNO.**

### **7. Dar conta de resolucións da alcaldía para coñecemento: N° 126/2020 do 21 de febreiro á N° 250/2020 de 23 de abril.**

Quedan enterados/as.

### **8. Dar conta do período medio de pago 1º Trimestre do 2020.**

Quedan enterados/as

### **9. Dar conta do Informe Morosidade 1º Trimestre do 2020.**

Quedan enterados/as.

### **10. Dar conta do Seguimento Plan Económico Financeiro.**

Quedan enterados/as.

### **11. Rogos e preguntas.**

Sr Dominguez García: si me permite quería presentar neste intre unha moción.

Eu secretaria digo que nos plenos extraordinarios non se poden introducir mocións por urxencia solo nos ordinarios.

Sr Dominguez García: Entón había que convocalo no seu día ademais é para presentar agora no próximo é tarde, eu explico de que vai si mo permite a alcaldesa e logo decide si o acepta ou non porque no próximo pleno seria tarde.

Sra alcaldesa: formule como un rogo

Sr Dominguez García: prantexo como Vde lle parece, pois como un rogo, a creación dunha comisión para a desescalada do coronavirus xa que no seguimento da comisión de seguimento non participamos para nada porque nos estivo apartados e agora si que neste punto quero dicir que Vde di que non se lle garda respecto eu sempre teño máximo respecto a Vde e calquera que ocupe o seu cargo, eu creo que non ten respecto Vde á oposición cando da o resultado do partido antes de xogalo e dicir que a oposición non está a altura, creo que si alguén non está a altura é Vde, creo que a desescalada debe ser tratada nunha comisión onde participemos todos e invitar a técnicos para que nos informen e asesoren de forma mellor para fomentar o comercio local e hostalería porque é o sostén da economía o sector que mais xente emprega entón nesa comisión todo o que se decida invertir que teña que pasar por esa comisión e nesa comisión que se invite a participar a técnicos a presidentes de asociacións de turismo etc e todo o que se decida con cargo o remanente de tesorería ou o superávit que pase todo a través desa comisión por iso lle pido que cree esa comisión canto mais antes e que se reúna dunha forma periódica unha vez cada 15 días ou as veces que sexan necesarias porque creo que é importantísimo que tratemos todo iso porque insisto debe contar Vde con todos para saír desta pandemia, porque todos aportamos cousas positivas non nos discrimine e deixe fora como ata agora porque creo que vai ser positivo e bo para o pobo de Cee e a comarca, iso é o que lle pido, si non pode ser como moción que sexa como rogo.

Sra alcaldesa: mire a continuación de este Pleno tenemos una comisión de concesiones administrativas para tratar el asunto del Centro Comercial, para la semana que viene va haber una serie de comisiones en la cual estará la de comercio e industria que ya la tenemos creada, se tratará lo que usted me acaba de decir y entre otros puntos el estudio del mercado, de las ordenanzas donde hay que modificar el tema de reducir o eximir cuotas o que vamos hacer respecto al tema del coronavirus no creo necesario constituir unha comisión propia de esto cuando ya tenemos comisiones que podemos incluir que están constituídas y designados los miembros de cada grupo político.

Sr Dominguez García: bueno si vale calquera das que hai o que fai falta que se convoquen non coma ata agora, si vai utilizar a comisión de comercio eu creo que para desescalada da pandemia era mellor a do covid pero como Vde vexa.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



Sra alcaldesa: Creo que tenemos constituídas suficientes donde se pueden incluir los diversos puntos en cada una de ellas, el tema es reunirse y hacer los acuerdos correspondientes.

Sr Dominguez García: cando nos convoque aí estamos sempre.

Sra alcaldesa: estamos en situación de estado de alarma se empezó la semana pasada por vía telemática y parece como si pudieramos reunirnos todos los días, hay que tener en consideración las circunstancias de que empezamos por vía telemática la semana pasada.

Sr Dominguez García: que impedimento ou problema había para reunirse os portavoces que a primeira reunión que tivemos, foi forzada por min.

Sra alcaldesa: en la reunión de los portavoces tienen que estar las técnicas, secretaría e intervención para cualquier cuestión que se plantee poder ir directamente a la resolución del problema de aí que opté por convocar las comisiones donde están ellas presentes porque considero que es mucho mejor.

Sr Dominguez García: como Vde queire pero en todo mes non nos reunimos nin unha soa vez, espero que nos reunamos periodicamente a partir de agora, para resolver este problema que vai ser gordo.

Sr Dominguez Louro: moi rápido, despois de case dous meses sen ter un pleno ben merecía que este fose ordinario e senón que se permitise levar mocións, a proposta do PP ben merece que fose votada a moción entre todos os membros desta corporación dende aquí vai o noso apoio a proposta do PP porque nos parece necesaria, como iso pois tamén o non haber oportunidade perdemos tamén que valga a redundancia de presentar a moción que tiñamos para a derogación da Lei Montoro que sería o primeiro paso para poder levar adiante unha política axeitada cara os sectores mais perxudicados desta crisis que estamos a padecer comercio, turismo, restauración, bares e demais, en calquera caso parécenos de recibo que poidera presentar mocións así como tamén nos parece de recibo e o digo con toda cautela que segundo se desenrole esta situación no estado español, neste caso na provincia da Coruña, que as próximas reunións se fagan presenciais porque paréceme que o debate vai ser mais enriquecedor e mais positivo que teñamos esas reunións presenciais e gardando por suposto as medidas de distancia e protección pero é mais positivo que estar diante da pantalla dun ordenador como no meu caso dende o rural onde o internet a min aparece sempre que a sinal é inestable, polo menos escoito a todos, quero dicir q estas reunións son mais produtivas si se fan presencialmente, entendo que cando sexa posible gardando as precaucións necesarias o fagamos presencial onde estamos todos e todas presentes nunha sala non ten que ser o salón de pleno, pode ser unha sala mais grande e facelo así.

Sra alcaldesa: como explicou a Sra secretaria nunha comisión que tivemos o feito que teña que ser vía telemática é consecuencia dunha modificación dun artigo da LBRL pero cando se poda coincidir con Vde que son mellor e mais enriquecedoras as presenciais, con relación as comisións volvo a reiterar, posteriormente a este pleno temos unha comisión para semana que ben vou convocar polo menos dúas comisións para tratar asuntos relacionados con coronavirus que se poden tratar nas comisións correspondentes e en relación a moción que iba Vde a presentar ou que mandou por email, da Lei Montoro evidentemente estou de acordo con toda a exposición que tiña pero dicirlle que por parte da Fegam xa se realizaron os tramites correspondentes para que se proceda a derogación e podamos utilizar o remanente, simplemente iso.

Sr Hermida: eu mais nada reiterar o que dixó o Sr Dominguez que como xa o comunicara na reunión de portavoces o que nos espera é moi difícil e nada mais que o máximo de reunións e comisións neste caso e canto mais xente intervira mellor porque estamos abocados tanto na hostalería como no comercio a cerrar moitísimos que metade xa non van nin abrir, creo que nos fixera participes a todos que todos somos poucos.

Sra alcaldesa: non vai haber problema para semana que ben imos ter varias comisións así que ide preparando propostas e ideas.

Sra Iglesias Lema: una duda si me la puedes resolver en las resoluciones de alcaldía hay una de 6 de marzo de adjudicación de un contrato menor de realización producción de un video promocional del concello de Cee a Sensormedia, en principio cuando vimos esto creíamos que se trataba de Fitur pero





# Concello de Cee

Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/nº  
15270 CEE (A Coruña)  
CIF: P1502300E  
Teléfono: 981 745 100  
Fax: 981 746 757  
[correo@cee.gal](mailto:correo@cee.gal)  
[www.cee.gal](http://www.cee.gal)

Exp. 2020/G010/000006

vemos que a raíz del covid 19 se suspende este video promocional que no se podía hacer, nos podría decir de que se trata, el importe es de 7139 euros con iva incluído.

Sra alcaldesa: es un vídeo promocional con animación, la idea que estaba proyectada era dar animación a Fernando Blanco de Lema y Fernando Blanco de Lema diera su visión de Cee dando a conocer Cee, es con animación de cara no solamente Fitur la idea era tenerlo listo para el mes de agosto pero no creo que sea posible, se suspensión el contrato por ese motivo.

Sra Iglesias Lema: gracias

Sra alcaldesa: es un vídeo con animación.

Ás 17:43 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretaria, dou fe.

A secretaria, Rocío Hermida Cancela

A alcaldesa, Margarita Lamela Louzán